


C.P.I. "TOMÁS TERRÓN MENDAÑA" SOBRADELO DE VALDEORRAS (OURENSE)

O CURSO EN FOTOS



O colexio visto dende a estrada que vai a Éntoma



Nadal. Momento de recibir os aplausos.




O magosto coa súa fumeira típica



Con frío e pouca neve, Manzaneda



Entroido, galo, galiñas e pitíños



En Vilaríño a carón de Cholo

FOTOGRAFÍAS

AURORA
MODESTO
REME
JOSE
IRIA
PEPE
AVELINA
LOLI
HELENA

AS PÁXINAS...

OS MENINOS DE 6º

Os meninos de 6º são muito infantis só pensam no futebol e ir ao Brasil.

Ao contrário as meninas só pensam em estudar para sacar um título e ir trabalhar, emfim somos fenomenais.

Liliana 6º E. Primaria



**Qual é a coisa,
qual é ela
é vermelha por dentro
e verde por fora?**

(a melancia)

A minha mãe é tartamuda,
o meu pai é cantor
tenho un vestido branco
e o meu coração é amarelo.
Quem son?

(o lo o)

**Un paucinho
muito dereitinho
e na súa cabeza
un chapeu**

(o cogumelo)

PROVÉRBIOS


- A pai guardador, filho gastador.
- A agua de S. Joã tira vinho e não dá paõ.
- Amor louco, eu por vós e vós por outro.
- Antes que tecases mira ven o que fazes.
- Costume e dinheiros fazem os filhos cavalheiros.
- Em casa de mulher rica, ela manda e ela grita.
- Quem muito ladra, pouco morde.
- Mal me querem as minhas comadres porque digo as verdades

ADIVINHAS



Adivinha, adivinha.
Qual é a arvore que
não dá flor

(a figueira)



Yogo de vinte e oito peças,
que dveremos juntar,
joça-se numa mesa
geralmente num bar

(o quimpor o)

Carmen 6º de E. Primaria
Jennifer e Edir 4º E. Primaria

Qual é a coisa,
qual é ela
que mal chaga a casa
poëse á janela? (o gtoq a)

iiiCON

CURSO!!!

Neste xornal aparecen ó longo das páxinas **10 XENIOS** parecidos ó da lámpada de Aladino. Os dez primeiros/as que consigan atopalos, indicando a páxina e lugar da mesma onde están, terán un regalo sorpresa.

¡ÁNIMO! QUE ESTÁ MOI DOADO

... DE PORTUGUÊS

JOGANDO Á RODA

Mamá galinha joga á roda com os seus pintainhos. Todos dão voltas á sua volta: "Seis, pintainhos tenho seis. Pío, pio, pío, pé".

Um é branco, outro amarelo. "Pío, pío, que te apanho". Outro azul e outro cinzento. "Pío, pío, pi"

E outros dois de seda. "Corre, corre, se não ficas!"

E todos correndo vão detrás da mamá Galinha como pequenas bolinhas de algodão.

Como se divertiram a mamá Galinha e os seus pitinhos!!

Mª Xosé
6º de E. Primaria



¡Quietos, parados! Foto en Chaves

VISITA DE ESTUDO

No día 24 de Maio fomos a Chaves, Pedras Salgadas e Vila Pouca de Aguiar. Tomamos o pequeno almoço em Vidago. Depois fomos a fábrica de água com gás nas Pedras Salgadas, uma senhora explicou-nos o funcionamento das maquinas e todo o proceso de embotellar da água. Derom-nos água para provar e um yo-yo.

Seguidamente visitamos em Vila Pouca, "Vila Pouca dos Pequenininos" ou seja, a vila em miniatura.

Chegou a hora do almoço e comemos em Pedras Salgadas num restaurante, a comida estaba boa, mas, o melhor de todo era o empregado da mesa.

Mais tarde partimos para Chaves, aí visitamos a cidade em comboio, depois fomos às compras, viemos para un parque, para jogar e descansar. Deram-nos unha boa merenda. E viemos embora. Divertimo-nos muito no autocarro, fizemonos amigos com os alumnos de Casaio.

Alunos de Português
6º de E. Primaria

A PRINCESA E O CAVALO DAS CRINES DE OURO

Era uma vez um rei que tinha uma filha muito formosa, e não queria que se case-se nunca.

A princesa enamorou-se de um homem do palácio.

Mas... un dia o pai, o rei, descobriu e foi procurar o homem.

Mas o homem já sabia que o procuravam e disse á princesa:

- Tenho que ir embora porque o teu pai quer-me matar. Se há un perigo ou te ameaçam, vai ate o cavalo das crines de ouro.

- Tem cuidado, para ter-te junto a min para sempre meu amor.

- Não te preocupes, o meu coração não se destroará.

E o homem foi embora.

O rei mandou os seus criados ir buscar o homem, o rei castigou a filha. Chamou um desconhecido para cuidar dela e a princesa foi até o cavalo e pediu-lhe. O cavalo transformou o desconhecido numa pedra.

A Princesa, o homem e o cavalo foram felizes.

Sara - 4º de E. Primaria

CURRUNCHO ...

POEMA INESPERADO

Un poema mándanme facer,
non sei que poñer.
Déronnos tan pouco tempo...
En fin, non sei que poñer.

Pero estou contenta,
non sei que dicirvos,
só que isto
é moi divertido.

Danme ganas de contarvos
montóns e montóns de cousas
que na miña curta
vida me pasaron.

Son dun pobo pequeno
e teño trece anos,
estudio nun colexio
dende hai uns cantos anos.

Teño moitos amigos e amigas,
todos eles... namorados
e un sobriño fermoso
que xa ten catro anos.

Sandra Rodríguez del Río
1º de E.S.O.

O POEMA E O PUNTO

Un poema me mandan facer
non sei o que vou escribir,
teño moito que imaxinar
para un punto subir.

A profe di que hai que traballar,
e pronto entregar,
así un punto subir
para... aprobar

Xa fixen o poema
xa o teño que entregar,
xa fixen o poema
xa sei que vou a aprobar.

Xa subín o punto,
é o primeiro da miña vida,
para o ano escribirei máis
isto é unha ledicia.

Rafael López García
1º E.S.O.

LUZ DAS ESTRELAS

A luz das estrelas
brilando na noite,
semellan velas no infinito.

Mirando as estrelas
os homes adormecen,
o silencio fainos calar.

Noite de estrelas,
noite de luar,
soñando adormecida,
para que vou espertar.

Patricia Batista Fernandes

1º de E.S.O.

AMIGOS

Cando marchas dun lugar
e deixas amigos atrás,
pensas que non encontrarás
ninguén que te queira igual.

Pero, que equivocados
estamos
cando nos cerramos
e volvémo-la cara
a todo aquel que que se
acerca.

Cando te arrastran tras de
alguén
obrigándote a seguilo,
cando o que de verdade
queres
é quedar atrás e volver

Tamén se che rompe o
corazón,
aínda que xa tes bastante,
cando as antigas amizades
mándanche cartas a cada
instante.

Pero... pouco a pouco
e a modiño
vas esquecendo,
decátaste
que eles seguiron
tamén
o seu camiño.

Sara Tato Borbolla
1º de E.S.O.



... DOS POETAS

INESQUECIBLE MANZANEDA

PARA TI

Tódo-lo que iamos
estabámolo esperando.
Ir de excursión a Manzaneda,
¡Durante tres días
e esquiando!

Por fin o día chegou,
o día tan esperado,
é agora cando partimos
e non dentro dun ano.

Estabamos todos no colexio,
agardando coas nosas
maletas,
unhas eran máis grandes,
e outras máis pequenas.

As campás tocaron as dez;
o autobús tróuxoo Nito,
que máis que esperto,
andaba medio durmido.

Pronto a cousa cambiou,
empezamos a facer ruído,
a música a todo volume,
durante todo o camiño.

Pasamos o día esquiando,
a pesar de tantísimo frío;
e algúns pasaron fame
por non traer bocadillos.

Máis tarde fomos ós bungalós
os observamos e nos
cambiamos,
poñéndonos os bañadores
para ir á piscina a mollarnos.

Ó rematar de cear,
fomos á discoteca,
na que había un billar
e cadeiras de tea

Ó día seguinte
pasámolo moi ben,
esquiamos, bailamos,...
e tivemos unha festa tamén.

No último día pola mañá,
esquiamos e fixemos tiro co
arco
para logo pola tarde
coller as maletas e
marcharnos.

A tarde chegou,
e con ela Nito
para levarnos de volta
ó noso niño.

De volta ó colexio,
estabamos algo cansos,
puxéronnos unha película
para ver se espertabamos.

Chegamos ó colexio
moi tristes e desolados,
por deixar atrás Manzaneda
un lugar moi animado.

OLALLA SUÁREZ TERRÓN
1º E.S.O.

Este poema
é para ti
non sei se che gusta
pero é para ti.

Non te decatás
que estar sen ti,
é quitarme a vida...
marcharei de aquí.

E-la única persoa
que está lonxe de min,
¿por que non outra
e ti si?

A fin de semana
faise eterna sen ti,
e alguén
faite dubidar de min.

Escribo este poema
só para ti
por ver se te decatás
que e-lo único para min.

BEATRIZ TORRES GAVELA
2º DE E.S.O.

DESDE A VENTÁ

Desde a miña ventá
vexo montañas, paxaros
árbores, camiños.

O silencio é grande,
o río, os cans,
as freadas dos coches,
o medo, a trona,
os relustros,
fanme sentir, sentir...

A lúa chea confúndeme.
fame crer que é día.

María Sanmiguel León
1º de E.S.O.



DATAS ESPECIAIS...

O MAGOSTO

O día 11 de Novembro como tódolos anos celebramos O Magosto. Algúns nenos trouxeron leña e castañas.

Mentres os profesores facían o magosto os de 4º e 5º estivemos xogando en varias actividades. Tódolos profesores enchiznaron ós nenos. ¡Excepto eu!

Pasámolo moi ben

Diego Álvarez Tato
4º de E. Primaria

MILI, PROFE DE PRÁCTICAS

No primeiro trimestre estivo connosco unha profesora de prácticas chamada Mili.

Era moi boa e xudábanos moito.

O día 20 de Decembro fixémoslle unha festa de despedida e aproveitando que era o cumpreanos de Avelina, celebramos todo xunto. Tamén veu a axudarnos nos disfraces.

A verdade é que aínda hoxe nos acordamos dela.

Antonio Fernández Blanco
4º de E. Primaria



HISTORIA DE GALICIA


No primeiro trimestre fomos á Casa da Cultura do Barco. Había láminas nas paredes que nos informaban da Historia de Galicia e íamos léndoas.

Entereime de que os romanos viñeron a Galicia a aproveitarse das minas de ouro.

Tamén había unha estatua dun escritor chamado Castelao.

Ó saír fomos un pouco ó parque mentres non chegaba o autobús e viñemos para a escola. Pasámolo moi ben.

Marcos Prieto Fernández
4º de E. Primaria



DÍA DA PAZ

O día 2 de Febreiro celebramos o "Día da Paz".

Este ano fixemos un concurso de Slogans por clases. Gañou o de David e puxémolo no peito durante todo o día.

Este ano non saímos ó patio a solta-la pomba e a nós houbéranos gustado moito saír.

Jenifer Cristina Firmino
4º de E. Primaria

O FESTIVAL DE NADAL

O día 21 de Decembro celebramos o festival de Nadal.

A nosa clase representou unha obra chamada "O Portal de Belén".

Os demais alumnos representaron outras obras, panxoliñas, bailes, etc.

Este curso fixémoslo no ximnasio e moitos pais viñeron a vernos, pero oíase mal.

Kico Prieto Vega
4º de E. Primaria

LIBRERÍA SINDO
Material Escolar

Sobradelo

O ENTROIDO

Durante a última semana de Febreiro dedicámonos a face-los disfraces de reloxos e vampiros. O día 3 de Marzo saímos ó patio moitas comparsas e o malo dese día foi que Diego caeu e mancouse na cabeza.

Samuel Martín Carrera
4º de E. Primaria

UN CONCELLO SEN IGUAL,

O CONCELLO DE RUBIÁ

... DUN CURSO QUE REMATA

VIAXE A OURENSE

O día 10 de Marzo os alumnos de 3º, 4º, 5º e 6º do colexio de Sobradelo fomos a Ourense a recibir unha clase de Educación Vial.

Saímos do Colexio ás dez da mañá, fomos cantando, vendo a tele e escoitando música. Diante de nós ía in camión que lle estoupou unha roda.

Chegamos ás once e media a Ourense. Alí estaba esperándonos o profesor Xosé, que dirixiu o autobús ata "Expourense".

Cando entramos unha señora levou a 5º e 6º para a sala cinco para explicarlles os sinais e ver un video. Mentres os de 3º e 4º andabamos nos kars recorrendo un circuito, axudados por dous policía.

Despois dunha hora fomos nós para a sala cinco e eles para o circuito. Regaláronnos moitas cousas: regras, pegatinas, un poster, guías,...

A continuación comimos os bocadillos. ¡Estaban moi ricos!... pero os profes case quedan sen comer.

Despois de comer xogamos "á pica", ó escondite e ó fútbol cunha lata de laranxada. O conductor do autobús fíxonos moitos trucos de maxia coas cartas.

Por último montamos no autobús e regresamos para o colexio, moi contentos pero moi cansos. Ó chegar levamos unha decepción porque Nando, José Domingo e Juan Carlos nos tiñan pinchado o balón da clase.

¡Gracias pola viaxe!

David Rodríguez Simoes


Carlos Prieto Vega

Samuel Martín Carrera

Sandra López Fernández

Diego Álvarez Tato

4º de E. Primaria



DÍA DE FÚTBOL

O día 2 de Abril deste curso fomos a unha excursión a Vigo para ir ver ó Celta.

Esta excursión foi organizada polos profesores D. Joaquín Macías e D. Alfredo Guitián.



Os alumnos saímos do colexio ás 10 da mañá, paramos na Cañiza para comprar, ir ó baño, etc.

Despois directamente fomos á estación de autobuses para descansar e comer.

Pola tarde tamén fomos a un bar, e as tendas de Balaídos a comprar recordos e pedímolles autógrafos ós xogadores.

¡Por fin entramos a Balaídos! Cando ían transcurridos vinte minutos de xogo o Celta marcou o primeiro gol. A afición e mais nós estabamos moi contentos. Xa na segunda parte o Valladolid marcou tamén, quedando o resultado final 1-1.

Despois xa voltamos no autocar para casa, xogando e outras cousas...

David Álvarez Núñez
4º de E. Primaria

DEPORTES

Durante este curso participamos nunha xomadas de deportes ás que nos levou D. Modesto.

A primeira foi na Raña en Viloiroa, houbo unha carreira de campo a través, na que participaron moitos colexios. Na nosa categoría déronlle medalla a Toñín e a Marcos.

A segunda carreira de campo a través foi aquí, no noso colexio, e... ¡Toñín quedou de primeiro! e... ¡Marcos de quinto!

O día 16 de Maio fomos a Vilamartín a facer moitos xogos como hockey sobre herba, zancos, aerobio, bolos, balón-volea, chachis, xornais e paracaídas. Despois de comer fomos xogar ó fútbol, Sobradelo e Vilamartín contra O Barco e ganámolle 2-1.

Ó vir para o colexio os de Casaio metíanse con nós.

Fran inventou unha canción.

Carlos Prieto Vega
4º de E. Primaria



OS NOSOS CORRESPONSAIS DE 5º ¡¡INFORMAN!!

UNHA SORPRESA CON BÁGOAS

Chorei de emoción cando o pallaso **Tanito** me mandou subir ó escenario e dixo que eu era a protagonista.

Esto ocorreu o 25 de Febreiro nunha actuación que o devandito pallaso tivo no meu colexio.

Foi unha promesa que me fixo a cambio doutra, por parte miña, estando na Residencia de Ourense.

(Ti cumpriches **Tanito**, eu estouno conseguindo día a día)


Pasamos unha tarde moi divertida participando todos: profesores, nenos, e tamén a miña nai.

Ó final fixen unha foto con **Tanito**. ¡É un recordo inolvidable!

"**Gracias Tanito**" en nome de todos nós, por facermos esquecer das tarefas diarias da clase.

Gracias tamén ó teu fillo **Brais** que coa súa maxia fará rir a nenos e maiores.

Lucía López
5º de E. Primaria



RECICLANDO

(Alumnos de 5º de E. Primaria)

O día 19 de Maio, os alumnos de 5º e 6º estivemos nun obradoiro de reciclaxe de papel e aceite. Este obradoiro correu a cargo do grupo "VENTOS-ESTUDIOS AMBIENTALES".

Ímosvos contar como levamos a cabo esta práctica: Dividímonos en dous grupos; mentres un grupo reciclaba o papel o outro elaboraba artesanalmente plastilina.

ELABORACIÓN DA PLASTILINA

Materiais necesarios:

100g de fariña
50ml de auga
35g. de sal
1 culler sopeira de aceite usado
8g de alume
Colorante e aromas alimentarios

Preparación:

Primeiro mestúrase a auga con colorante e aroma. Bótase o sal, remexendo ata que se disolva, e logo o aceite. Vaise botando fariña ata que colla a consistencia dunha crema. Sácase do recipiente e amásase. Por fin, engádeselle o alume, e pouco a pouco fariña mentres se amasa, ata que teña a consistencia adecuada. Deste xeito xa está listo para moldear.

Temos que ter en conta que esta pasta pudre, polo tanto podémola conservar algún tempo no conxelador.

RECICLADO DE PAPEL

Materiais:

Papel usado
Batedeira
Recipiente con auga
Marco
Marco con malla
Tea
Baeta ou pano secante

Prensa

Preparación:

- 1.- Recoller papel usado para reciclar
- 2.- Trocealo en anaquiños e poñelos en auga. Se se pode, deixar repousar unhas horas.
- 3.- Triturar (co batedor manual ou eléctrico) ata obter unha pasta homoxénea. Pódese engadir algo de cola branca.
- 4.- Diluir a pasta nunha cubeta grande e remexer.
- 5.- Meter os marcos (o que ten mallas por baixo) e sacalos suavemente.
- 6.- Esgurrir os marcos e apartar o marco superior.
- 7.- Voltear o marco (coa pasta) sobre unha tea e pasar a man por toda a rede (sobre as esquinas); mellor se se fai cun pano secante (baeta, etc.)
- 8.- Levantar o marco, e repetir a operación, empregando unha tea para cada folla.
- 9.- Presar cunha prensa de herbario ou similar.
- 10.- Separar cada tea (coa folla correspondente) e poñer a secar.
- 11.- Unha vez seco, separar o papel da tea.

COLABORACIÓNS DE 5º

UNHA NOVA EXPERIENCIA

O venres, 10 de Marzo, os alumnos/as de 2º e 3º Ciclo de E. Primaria fomos a Expourense a facer prácticas de Educación Vial. Mentres os alumnos/as de 3º e 4º montaban nos Kars, ós de 5º e 6º dábannos unha explicación como había que facer para conducirlos.

O parque onde fixémos-las prácticas era un circuito bastante completo. Había un xardín con casas e moitos sinais.

Eu saltei un semáforo porque pisei o acelerador en lugar do freo, pero non me viron.

Ó final déronnos moitas cousas: un crebacabezas, dous libros, un póster e un carné.

Comemos e viñemos para casa.

Ágeles Lorenzo
5º de E. Primaria

XOGOS POPULARES IMOS Ó BOLO

Unha vez máis os alumnos de 3º Ciclo de E. Primaria do noso Colexio, xunto con outros doutros centros, dedicamos un día ós xogos populares.

Este ano celebrámos na localidade de O Bolo.

Houbo distintos xogos: aeróbic, os xornais, a tirolina, a ra, hockey, balonvolea, o globo, bádminton... Tódolos participantes dos distintos colexios íamos pasando por cada un dos xogos. Houbo para tódolos gustos. Pasamos un día moi divertido.



Colectivo
"5º de E. Primaria"

UNHA VIAXE Ó BARCO

No primeiro trimestre os alumnos de 4º e 5º fomos á Casa da Cultura de O Barco para ver unha exposición sobre a Cultura Galega.

Constaba de 24 carteis; cada un deles tiña na parte esquerda, na esquina superior, o número de orde do mural e por abaixo a data histórica, cando sucedeu o que se conta no mural. Os debuxos amosaban escenas do suceso histórico e o texto explicaba de maneira breve o suceso.

Fixemos un percorrido por todos lendo un cada un de nós e dándonos os mestres unha pequena explicación.

Ó rematar déronnos un folleto onde se recollía a información de todo o que viramos dentro.

Sandra Barba
5º de E. Primaria

MAR

Mar, ¿por qué tus olas
vienen y van?

Porque quiero llegar a tierra
y la arena no me deja pasar.

Salta caballito de alegría
que los perros están en la jauría.

Cuando hace sol
crece el girasol.

Ángeles Lorenzo
5º de E. Primaria

OS NOSOS POEMAS

EN LA CASA

**En la casa había tanta alegría
que parecía una fantasía.**

**Cuando sale el sol
aparece el caracol.**

**Me levanté al amanecer
con mucho placer.**

**Llamé al jardinero
con mucho esmero.**

Lucía Prieto
5º de E. Primaria

RAPACIÑOS

Rapaciños do meu lugar
preparádevos
que o entroido
vai comezar.

Temos disfraces
e "caretas"

só nos faltan
as pandeiretas.

Que neve, que chova,
que faga calor
o día do Entroido
é para nós

Lucía López
5º de E. Primaria

O DISFRAZ DE PIRATA

Este ano na miña escola, os mestres, as mestras, os nenos e as nenas, ó longo dunha semana disfrazámonos de "*pirata*".

O luns trouxemos: un pano na cabeza e un pendente na orella.

O martes trouxemos: o pano, o pendente e un parche no ollo.

O mércores engadimos unha camisa a raias.

O xoves trouxemos tódalas cousas dos outros días e tamén un loro.

O loro non era de verdade, fixémoslo con cartolina.

O venres cada clase disfrazouse cun disfraz diferente. Nós fomos de piratas. Levamos: un pano de lunares, un parche, un pendente, unha camisa de raias, un chaleque, un cinto amarelo, o loro no ombreiro e unha espada.

O loro e a espada fixémoslos na clase. Cada un pintámo-lo noso loro de moitas cores. A espada era verde e prateada.

Pola tarde saímos ó patio. ¡Pasámolo moi ben! Fixeron fotos. Nós e os de segundo de primaria puxémonos xuntos cos nosos mestres. ¡Menudos piratas!



Coa nosa profe Nati nun momento de descanso

3º de E. Primaria

PIZARRAS

LOMBA

A CALIDADE

- Sobradelo -

O noso agradecemento ó

**Concello de
Carballada**

pola súa colaboración
nas actividades
extraescolares

ALUMNOS E ALUMNAS DE INFANTIL...

ADRIÁN
5 anos



Son dúas, teñen dedos e serven para coller pelotas e acariñar.
¿Que serán) (ansu se)

DIEGO
5 anos




É unha cousa de cor vermella, ten catro rodas e serve para apaga-lo lume ¿Que é? (o camión de bombeiros)

ARIADNA
5 anos




Ten rodas, cristais, luces, asentos e volante. ¿Que é? (un coche)

CLAUDIA
5 anos



É unha cousa de cor amarela, ten unha porta e tellado. ¿Que é? (unha casa)

MELISSA
5 anos



É unha cousa de cor amarela que serve para meter cartas. ¿Que é? (unha carta)

AITOR
5 anos



É unha cousa de cor verde. Ten tres cores: laranxa, verde e vermella, e serve para para-los coches. ¿Que será? (un semáforo)


NOELIA
5 anos



Unha cousa laranxa, ten dúas rodas e vai un home montado cun casco ¿Que será) (unha moto)

!!!PRESENTAN!!!

JENNIFER
5 ANOS



É unha cousa de cor verde, ten un tronco e follas. ¿Que será?

(unha árbore)

DIEGO
5 ANOS



Unha cousa que vive ó pé das árbores e ten forma de paraugas. ¿Que é?


(os cogumelos)

MELISSA
5 ANOS



Que será, que será, que anda polo aire e ten ventás. (uolap o)


ARIADNA
5 anos



Que será, será unha cousa que ten alas, vai polo ceo e di "pío, pío".

(un paxaro)

ADRIÁN
5 anos



É unha cousa que está no ceo e danos calor

(o sol)


NOELIA
5 anos



É unha cousa que ten cellas, ollos, nariz e boca. ¿Que será?

(unha cara)


ARIADNA
5 anos



Son dous, serven para ver e están na cara. ¿Que serán?

(os ollos)

JENNIFER
5 ANOS




É unha cousa que ten cornos e patas, e fai "¡¡¡muuu.....!!!"

(unha vaca)

... ADIVIÑAS MIL


ADRIÁN
5 ANOS



É unha cousa de cor marrón, con catro patas e fai "guau... guau..."

(un can)


NOELIA
5 ANOS



Que será, que será, que ten dúas patas, vive no galiñeiro e pon ovos.

(a gallina)


ARIADNA
5 ANOS



Unha cousa que ten a cabeza, pode ser longo ou curto, e tamén pode ser loiro, negro ou marrón. ¿Que será?

(os pedo)


AITOR
5 ANOS



Serven para andar, teñen dedos e metémolos dentro dos zapatos. ¿Que será?

(os pés)


JENNIFER
5 ANOS



Unha cousa que está cerca dos ollos e serve para ulir. ¿Que será?

(o nariz)

CLAUDIA
5 ANOS



Unha cousa que é redonda e serve para xogar

(a pelota)

DE VISITA NA RADIO

Transcribimos textualmente a intervención que tivemos os alumnos/as de 1º de E.S.O. na radio COPE.

Nós somos alumnos e alumnas de 1º E.S.O. do C.P.I. «Tomas Terrón Mendaña» de Sobradelo e hoxe falaremos do noso colexio. Para empezar queremos explicar que é un C.P.I.

Un C.P.I. é un Centro Público Integrado. ¿Que significa? Pois significa que no noso colexio hai alumnos desde os tres anos ata os dezaseis, é dicir, alumnos de educación infantil, educación primaria e educación secundaria obrigatoria.

É o único na zona de Valdeorras, e a pesar da mala prensa que moitos medios de comunicación e outros colectivos están a dar a este tipo de centros, convivimos perfectamente.

Temos os mesmos problemas que calquera outro centro onde hai alumnos e alumnas de diferentes idades, ou acaso menos.

Creemos que son máis os aspectos positivos que os negativos. Polo de pronto non temos que cambiar de centro ó remata-la Primaria. Coñecemos e coñécennos os profesores dende moi pequenos, e cando chegas á ESO non te sentes estrano nin polos compañeiros nin polos profesores.

Hai unha cousa que a maioría dos alumnos da E.S.O. non nos gusta, é ter clase pola tarde. A nós gustaríanos ter só clase pola mañá, aínda que nos parece complicado conseguilo, pois nosos pais traballan e mentres eles están no traballo nós estamos no colexio, e así nunca estamos sós.

O noso colexio está bastante ben. Hai un ano que o ampliaron e cremos que contamos con todo o necesario.

Temos un aula de informática con moitos ordenadores e case tódolos alumnos podemos ir. Hai un aula de música, outra moi grande de

Tecnoloxía, o laboratorio de Física e Química e a aula de Plástica e Visual. Pero o mais bonito de todo é o ximnasio, o chan é de "parquet" e cando fai frío poñen a calefacción.

Este ano mercaron bastante material para Educación Física e non nos podemos queixar. A mais disto, o rematar as clases podémonos

mamá que por esa cantidade nos deados pratos e postre .

De todos modos hai cousas que botamos de menos, como pode ser un sitio para as actuacións do Nadal, das Letras Galegas, etc. O comedor queda pequeno e fai moita calor, e o ximnasio ten moi mala sonoridade.

Dentro das actividades que

realizamos as que máis nos gustan son as do Entroido. Os disfraces vanse facendo ó longo das semanas anteriores. Pero o mellor de todo é ir a clase toda a semana disfrazado. Este ano o tema foi «Os Piratas». O luns tivemos que traer posto pano de pirata e un pendente. O martes pano, pendente e parche no ollo. O mércores pano, pendente, parche e camiseta e o xoves todo o anterior máis un loro colocado no

ombreiro. A nota curiosa é que os profesores tamén tiñan que ir obrigatoriedade disfrazados deste xeito. Podemos dicir que colaboraron máis que os alumnos.

O venres os profesores estiveron disfrazados todo o día cada un como quixo, e xa pola tarde tivemos un pequeno desfile de comparsas onde a fariña correu por quilos para aqueles que non se quixeron disfrazar. Todas estas ideas foron do profe Josiño responsable e xefe das Actividades Extraescolares.

E así é a nosa vida no colexio, a maioría estamos contentos e orgullosos de ter un colexio como o que temos.

Esperamos que esta pequena intervención fose do voso agrado e gustaríanos que viñerades a visitarnos.

Aproveitamos tamén a ocasión para saudar ós nosos compañeiros e profesores do cole en especial ó noso titor Joaquín que nos vai levar a Vigo a ve-lo Celta.

Alumnos e alumnas
1º E.S.O.



A foto de rigor despois da nosa intervención


duchar, e así imos á seguinte clase mais cómodos. ¡Ah! e a auga sempre está quente. O que resulta pequeno é o comedor. Somos cento cincuenta alumnos comendo e os máis altos están bastante incómodos. Din que o mellor para o ano que ven comemos en dúas quendas.

A comida está moi ben feita; Avelina e Milagros fan moi ben de comer. Se as veces non comemos é porque somos malos comedores. Tiñan que darnos o polo con patacas fritidas máis veces á semana. Tampouco nos importaría que se repetiran os espaguetis, macarróns, hamburguesas, salchichas, croquetas e calamares. Pero como os profes din que hai que comer de todo, pois, ¡jala! garavanzos, lentellas, puré, caldo, empanada ... en fin, os días que hai estas comidas Avelina desgústase moito.

Sentímolo, Avelina, e perdóanos. Penso que somos uns mal criados; por pouco máis de corenta duros que dan para a comida de cada rapaz non deberíamos esixir tanto. Non hai

A NOSA EXCURSIÓN Ó GROVE

Xa todos tiñamos ganas que chegara o luns para marchar de excursión. Cando estabamos esperando á porta do colexio a que chegaran as profes e o autobús, os minutos non daban pasado. O fin chegaron, xa non faltaba ninguén, entón adiante. A viaxe Ogrove durou unhas catro horas, pero non nos aburrimos fomos escoitando música e logo vimos unha película. O Chegar, xa fumos directamente ó porto porque iamos no barco de Acquavisión para ve-las bateas e os fondos mariños. Navegamos pola ría de Arousa, mentres unha azafata foínos explicando as diferentes partes do barco. Chegamos a un lugar no medio da ría onde había bateas e mandáronnos ir á parte baixa, que tiña cristais para ve-lo fondo do mar. Baixou un buzo e



A viaxe en barco foi o mellor

amosounos unhas estrelas de mar, tamén vimos bancos de peixes e as cordas nas que se crían os mexillóns. Volvimos á cuberta e o capitán explicounos como funcionaba o barco, os radares e cómo por unha especie de ordenador podían navegar na néboa e saber cal era a distancia o fondo etc. Tivemos moita sorte porque o final da travesía vimos dous delfíns, arroás. Fíxonos moita ilusión ver como saltaban.

Cando desembarcamos xa era hora de xantar, fomos a un mesón e uns comimos tapas e os outros "bocatas". Tamén tomamos de postre un xelado que fomos comendo polo porto mentres viamos a lonxa, onde subastan o peixe e máis tarde xa subimos ó autobús para ir ó Aquarium, onde, cun monitor que nos ía explicando, vimos as instalacións e como viven os peixes nos diferentes estanques. Aquí os peixes están clasificados según o habitat no que viven, o monitor explicounos as súas características e os lugares nos que se camuflan. No Aquarium puidemos ver moitos animais, dende medusas,

estrelas de mar, peixes ciruxáns, peixe pallaso, polvos, centolos, lucios, raias, congrios e tamén tabeiróns. Había un estanque no que podiamos toca-los peixes e ser mordidos por eles, como lle pasou a David.

O saír marchamos á Toxa para despois ir á praia da Lanzada, onde algúns decidiron saltar as ondas e bañarse e outros tomámo-lo sol.

Xa cansos fomos para o hotel, onde nos instalaron no último piso, duchámonos, arraxámonos e baixamos a cear. O rematar fomos á discoteca do

hotel, onde Amador ligou cunha rapaza de Murcia, que era doutra excursión. A unha da mañá mandáronnos para a habitación, aínda que non se pode dicir a durmir, xa que nos dedicamos a chamar por teléfono ás outras

habitacions, ata que as profes nos quitaron.

Pola mañá deixamos todo preparado e fomos visitar unha fábrica de conservas a Vilanova de Arousa, onde nos explicaron o proceso de enlatado das conservas: primeiro limpan o peixe, cóceno a altas temperaturas e logo méteno en latas con aceite para despois poñerlle-las tapas, precintanas e finalmente comproba-lo seu grao de conservación.

Tamén fomos visitar a Cambados unha depuradora de marisco, onde un señor moi amable falounos do cultivo das ostras e a súa depuración.

Despois a xantar e un rato á praia. Con moito pesar tivemos que recolle-los nosos bártulos e voltar para casa.

Isabel e David (2º E.S.O.)

**CAIXAVIGO,
OURENSE E
PONTEVEDRA**

EXPERIENCIAS DE GALEGO, 1º E 2º E.S.O.: UNHA CLASE COA CAVEIRA FAUSTINO

Moitas rarezas ten a profe de Galego, algúns de nós xa sabemos o do caramelo, escribir o que nos pareza sobre un texto escrito en grego, pero esta vez pensamos que se pasou.

A historia é esta: chegou a clase cunha caveira, si, unha caveira. Recoñecímolos de inmediato, era a de Mariano, Saturnino ou Faustino, como se lle queira chamar, o esqueleto que temos no laboratorio para estudia-los osos do corpo humano.

O caso é que cada un de nós dixémoslle a prosmada que nos pareceu antes de que ela falase. Xa agotado o repertorio das tolerías, calamos e unicamente nos dixo: "Escribide todo o que pensastes ó verme entrar coa caveira, o que queirades, non hai límite ningún".

E así o fixemos. A continuación poremos algunhas ideas máis salientables.

"Puxo a caveira na cabeza, a verdade é que lle favorece (sen ofender) ¿Onde terá Mariano o sombreiro de palla que sempre levaba?" **Eider** (2º de E.S.O.)

"Tróuxoa para que escribamos algo. Vaia tontería. Porque non toca Naturais, toca Galego" **Víctor** (2º de E.S.O.)

"Pensei que non sería para nós, senón para os da clase do lado. Faustino é moi riquiño, porque nunca se mete con ninguén e cando lle regañas non che protesta; se lle contas un segredo nunca llo contará a ninguén" **Noemí** (2º de E.S.O.)


"Sorprendeume porque nunca tiñamos visto unha caveira na clase" **Ana Isabel** (2º de E.S.O.)

"Pensei que se lle romperá ó esqueleto que hai no laboratorio" **Diego** (2º de E.S.O.)

"¿Por que a traerá? Ninguén o

sabía, e encima na clase de galego era moi raro. Faustino non é moi bonito se o ves á luz, pero a oscuras pódete dar un susto de morte" **Bea** (2º de E.S.O.)

"¿Para que quererá esta a caveira? ¿Por que a traerá?



"¿Como é que a trae a clase de galego?" **Santi** (2º de E.S.O.)

"Non sabemos para que a trouxo, aínda agora me dá unha sensación terrible; eu para esas cousas son moi medicas" **Ana Mª** (2º de E.S.O.)

"Cando apareceu a profe con ela, pensei nun defunto saído da tumba" **Alan** (2º de E.S.O.)

"Cando entrou a profesora coa caveira pensei que os de algún curso colléranlla e por iso a traía ela" **Milton** (2º de E.S.O.)

"Seguro que a trae para ensinárnola a todos. ¡Eu que sei!" **Jana** (2º de E.S.O.)

"Pensei que nos ía falar dela" **Fátima** (2º de E.S.O.)

"Acórdome de Mariano cando en 5º xogabamos con el. Entón tiña un sombreiro que atopamos nun caixón" **Jonathan** (2º de

E.S.O.)

"Xa mo imaxinaba, a facer unha redacción" **Rubén** (2º de E.S.O.)

"Pensei que a arrincara algún rapaz do resto do esqueleto. A verdade é que a caveira non para de mirar sempre para o mesmo lado" **Bruno** (2º de E.S.O.)

"Primeiro pensei que a profe estaba un pouco louca, despois pensei que nos ensinaría as partes da cabez ou algo así" **David** (2º de E.S.O.)

"¿Para que a quere? Farían algunha falcatruada e viranos preguntar se sabemos quen a fixo. **Ángela** (2º de E.S.O.)

"Cando nos dixo que escribimos sobre o feito de traer a cabeza a clase todos comezamos a protestar" **Alba** (2º de E.S.O.)

"É a cabeza de Celestino. Gustaríame tela na mesiña, poñerlle unha vela dentro e mantela ben limpa" **César** (2º de E.S.O.)

"¿Que fará a profe coa caveira?" **Verónica** (1º de E.S.O.)

"Pensei que era para falar ou estudar algo dela" **Roberto** (1º de E.S.O.)

"Eu pensei que era unha figura" **Marcos** (1º de E.S.O.)

"Primeiro pensei que a romperan, logo penseino mellor e dixen para min, xa nolo explicará". **Vicente** (1º de E.S.O.)

"Imaxinei que a traía para que a viramos e logo conversar uns cos outros" **Óscar** (1º de E.S.O.)

"Cando entrou con ela pensei que era para a profe Maite, como dá Naturais..." **Patricia** (1º de E.S.O.)

"Nun principio crin que nos explicaría algo sobre ela. Non foi así. Penso que a caveira é realmente fea cuns dentes moi feos" **Tania** (1º de E.S.O.)

"Pensei que íamos dar as partes

(continúa na pax. seguinte)

(Ven da pax. anterior)

do corpo en galego" **Sara** (1º de E.S.O.)

"Non nos dixo nada, só a puxo mirando cara nós. Eu pensei que sería para algún xogo, describirla ou mesmo que a traía de mascota para a clase" **Laura** (1º de E.S.O.)

"¿Para que servirá?" **Juliana** (1º de E.S.O.)

"Chegou á clase e non fixo nada. Deu a clase normal. Pensei que fixera algo cos compañeiros de 2º de E.S.O." **David** (1º de E.S.O.)

"Tróuxonola para ver que pensabamos dela. É algo rara, e xa a demos cando estudiamos en C. Naturais o corpo humano." **Mª Isabel** (1º de E.S.O.)

"Os meus pensamentos foron: Para estudiala na clase, para tirarlle a un á cabeza, para amosarnos como é unha caveira" **Rafael** (1º de E.S.O.)

"Esta miña nai..., aproveita calquera cousa para facernos traballar. Só a ela se lle ocorren estas ideas" **Olalla** (1º de E.S.O.)

"¿Para que traerá a cabeza dun esquelete? Se aínda fose Maite" **María** (1º de E.S.O.)

"Crín que os de 2º a romperan. Tívoa toda a clase enriba da mesa, e cando faltaban cinco minutos madounos escribir algo sobre ela" **Rebeca** (1º de E.S.O.)

"¿Que irá facer coa caveira en clase de galego? Será para outro profesor." **Maikel** (1º de E.S.O.)

"Creo que a trouxo para ver a impresión que se produciu nosa cara" **Sandra** (1º de E.S.O.)

E nós preguntámonos, ¿non credes que se pode escribir moito e moi ben só cun pouco de imaxinación?

Alumnos e alumnas
1º e 2º de E.S.O.


O CANTO DO PAXARO

Nun lonxano país había un pequeno reino onde vivía un rei coa súa filla e tamén as outras persoas da aldea. Todos vivían felices e ledos.

Un día a princesa, paseando polo xardín da aldea co seu amigo, escoitou o fermoso canto dun paxaro. Buscaron o lugar de onde procedía o canto, cando o atoparon

A filla díxolle que non cantaba porque votaba de menos voar e andar polos bosques. Entón o rei tomou a decisión de soltalo, aínda que isto o entristecía moito.

Pasaron meses e o rei seguía lembrándose do paxaro. Un día a súa filla regaloulle un paxaro mecánico o que lle tiña que dar



corda para que se puxera a cantar. Durante uns días o rei estivo contento, pero cando se aburriu de escoitar sempre o mesmo son e tocarlle as plumas de plástico, volveuse a poñer triste. Tan triste estaba que caeu enfermo e estivo varios meses en coma, non podía falar nin andar.

viron un pequeno paxariño cun gran peteiro e bonitas plumas, que estaba enriba da pola dunha árbore.


Acercáronse para tocalo, pero o paxaro non escapou, senón que seguiu cantando. A rapaza colleuno e levoullo a seu pai, que estivo xogando con él toda a tarde. Logo meteuno nunha gaiola e deixouno no pazo para escoitalo tódolos días.

O rei colleulle moito cariño e tamén os demais veciños da aldea e cando cantaba o paxaro caíanselle as bágoas. O paxaro parecía non estar contento, un día non cantou como de costume e nos días seguintes deixou de cantar. O rei preocupouse e preguntoulle a súa filla o que lle podería pasar.

A xente do pobo ía visitalo e facíanlle regalos pero non se poñía ben, canto máis tempo pasaba peor se poñía ata estar a piques de morrer. Un día, cando xa estaba moi maliño, voltou o paxaro e pousouse na ventá da habitación do rei e púxose a cantar. Tan ben cantaba que tódolos veciños saíron das súas casas e o rei pouco a pouco foise despertando ata que se levantou. O rei foi chorando onde o paxaro, colleuno na man e estiveron xogando todo o día. O rei recuperouse e deixou o paxaro que vivira libre no seu pazo e alí quedou facéndolle compañía ó rei e a súa xente.

David (2º E.S.O.)

OS NOSOS COMICS



¿ERA UN SONO?

ERASE UNHA VEZ...

VOU IR A ESE CASTELO, TENO MOITA CURIOSIDADE POR SABER QUE HAI NEL

¡AIA! ¡QUE CASTELO TAN BONITO!

¡UH, QUE BEN! A PORTA ESTA ABERTA

NAM NAM NAM

¡AIA! ¡SOCORRO! EU HARCHO DADO! PIRANDO

GRRR

¡AIA! ACABO DE FACERME UNHA FERIDA NA CARA COM ESTA SILVA

ESTA KA NON VOLVE




¡COMO PODE SER

SEGURO QUE ME RA BUENI SOÑANDO!

FIN

Olalla Suárez Terrón

OS SONHOS DE LUCIA



Lucia non puido conseguir a casa dos seus soños, aínda así, ela seguiu coa súa vida. O único que conseguiu foi vender as súas vacas do leite e comprar outra carreta.

FIN

TALLER DE CONTOS



Carapuchiña nos Ánxos.


Nun chalet nas aforas dos Ánxos, vivía unha rapaciña co seu pai. Esta nena chamábase Carapuchiña Vermella, para os seus amigos Iña, para os poucos que tiña, claro.

A Iña morréralle súa nai cando ela nacera e dende entón estaba ó coidado de seu pai. El non quería que fora unha nena, senón un neno, para ensinárlle todo o que el sabía, pois fora un antigo xeral do exército.

Aínda que Iña era unha nena, o seu pai ensinoulle a disparar, artes marciais..., pero nunca se sentiu orgulloso dela. A rapaza nunca saía de casa sen un coitelo, ou unha pistola do calibre 34, as súas favoritas. Un día escoitou pola radio que un tigre moi perigoso escapara do zoo e que podería estar en Sunnydale, o pobo onde vivía a súa avoa.

O domingo ía visítala para pedirlle cartos, pois tiña que mercar algo de roupa. Cando chegou á casa da avoa

e despois de merendar díxolle se lle daba algo de diñeiro, ó redor dunhas 20.000 pts. e a avoa deullas, pois era a súa neta preferida.



Cando a nena volvía para a súa casa, ía moi tranquila contando os cartos, por se a avoa se equivocara e déralle de menos. De súpeto, topouse co tigre que estaba famento. Ela intentou escapar, pero o tigre

avalanzouse enriba e inguliuna dun bocado.

Iña que estaba viva dentro da barriga do tigre, sacou a súa pistola do calibre 34 pegoulle tres tiros e matou ó tigre, logo colleu o coitelo, abriu a barriga do tigre e saíu.

Cando o seu pai se enterou do ocorrido, sentiuse moi orgulloso da súa filla pois ademais de mata-lo tigre ela soa, tamén soubo emprega-las técnicas de defensa que el lle ensinara. Por primeira vez o pai de Iña gustoulle tela como filla. Isto despois de pasado o susto fixo que Iña se sentira moi leda.

Olalla (1º E.S.O.)

O Gato Negro

Érase unha vez o Gato Negro que estaba lambendo unha pata. Tiña os ollos azuis e uns bigotes longos. O gato era moi presumido e moi limpo. Pasaba o día enteiro na bañeira con outras gatiñas.

O Gato Negro, ó seu aposto inimigo, o Gato Branco, fíxolle unha aposta a ver quen cazaba máis ratos.

O Gato Negro buscou e buscou e só atopou tres ratos, pero o astuto Gato Branco colleu cen; entón el quedou con tódalas gatas do pobo. O Gato Negro moi enfurruñado marchou ó monte onde unha garduña rabuñoulle a pata. O pobre gatiño estivo maullando toda a noite ata que o seu dono recolleuno e curoulle as feridas e voltaron para a súa casa, coidouno ate que se recuperou de todo e voltou a xogar cos outros gatos.

Verónica (1º E.S.O.)



XA É A HORA

Un día un verme que estaba nun souto de castañas, viu agachada entre as follas unha castaña que choraba mentres cantaba, moi acurrucadiña:

Xa é hora

Xa é hora

Non hai nada que facer.

Xa é hora

Xa é hora

Agora vanme comer.

O verme ó vela tan atristurada, preguntoulle por que choraba. Ela chorosa contestoulle que xa era novembro e que neste mes celebrábanse os magostos.

- Pero, ¿eso que é?

- ¿Non o sabes? É unha festa que celebran os humanos cando nós, as castañas, saímos dos ourizos.

- ¿E que vos fan?

- Ásannos e cómennos. Eu son aínda moi xove para acabar asada, ¿non cres?

- Si... ¿Que podo facer por ti?

- Poderías facerme un buracuño pero sen comerme, así, cando me vexan con el, pensarán que estou maliña e non me comerán. ¿Farías iso por min?

- Suplicou a castaña

- É unha tentación moi grande eso de entrar e non comerte.

- Por favor...

- Por favor...

- Está ben, pero darasme a cambio


unha castaña para min só.

- Ben, buscarei unha morta e dareicha

- Asada, ¿vale?

- Está ben, pero agora métete dentro e xa te mandarei saír.

O verme así o fixo e deste xeito a castaña puido salvarse.



Eider (2º de E.S.O.)